



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 30 DE OUTUBRO DE 2019 N.º 249

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

*Anuncio*

#### EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCIMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SARRIA	ANUAL	Taxa de recollida de lixo no medio rural
SARRIA	ANUAL	Taxa de entrada de vehículos a travesor beirarrúas
O INCIO	2º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo e pola subministración de auga, e Canon auga Xunta de Galicia
O VALADOURO	1º-semestre-2019	Taxa de auga, lixo, sumidoiros, Canon auga e coeficiente vertedura Xunta de Galicia
PARADELA	1º-semestre-2019	Taxa auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	3º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo
NAVIA DE SUARNA	1º-semestre-2019	Taxa polo subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia
POL	2º-trimetre-2019	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
SOBER	1º-semestre-2019	Taxa auga, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
SOBER	1º-semestre-2019	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 3245

*Anuncio*

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencimento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 30/10/2019 e finalizará o día 30/12/2019, ambos os dous incluídos.

**Relación de tributos e concellos:**

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SARRIA	ANUAL	Taxa de recollida de lixo no medio rural
SARRIA	ANUAL	Taxa de entrada de vehículos a traverson beirarrúas
O INCIO	2º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo e pola subministración de auga, e Canon auga Xunta de Galicia
O VALADOURO	1º-semestre-2019	Taxa de auga, lixo, sumidoiros, Canon auga e coeficiente vertedura Xunta de Galicia
PARADELA	1º-semestre-2019	Taxa auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	3º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo
NAVIA DE SUARNA	1º-semestre-2019	Taxa polo subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia
POL	2º-trimetre-2019	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
SOBER	1º-semestre-2019	Taxa auga, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
SOBER	1º-semestre-2019	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impresario de domiciliación que acompaña ao documento cobradorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriñimento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constriñimento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas Mayra García Bermúdez.

R. 3244

## CONCELLOS

### FRIOL

#### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e un de outubro do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fixase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de novembro de dous mil dezanove e o quince de xaneiro de dous mil vinte, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de decembro de dous mil dezanove, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirse directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 23 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Ángel Sánchez Santos.

R. 3205

#### *Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio de 2018, cos Estados e Contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as Regras 45 e seguintes do Capítulo II da Orden HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do modelo simplificado de contabilidade local, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, con data de 24 de outubro do presente, exponse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espacio de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados léxítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes durante o prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril; o 460.3, do Real Decreto Lei 781/86, de 18 de abril e 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Friol, 25 de outubro de 2018.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3250

#### **MONDOÑEDO**

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 21 de Outubro aprobou o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 5º BIMESTRE DO 2019**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Novembro ó 31 de Decembro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demás conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 23 de outubro de 2019.- O Tte. Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 3206

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA SETEMBRO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 14.10.2019 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de setembro de 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.10.2019 ata o 18.12.2019.

Advítense que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de outubro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3207

## MURAS

### *Anuncio*

#### **DON MANUEL REQUEIRO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Agosto de 2019.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Agosto de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO-** Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Agosto de 2019. O padrón correspondente ao mes de Agosto consta de 55 contribuíntes (16 de libre concorrenza e 39 de dependencia) e un importe total de 5.459,15 € (1.788,11 € persoas usuarias de libre concorrenza e 3.671,04 € persoas usuarias de dependencia ).

**SEGUNDO-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**CUARTO-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

**QUINTO-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 14 de outubro de 2019.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 3208

#### *Anuncio*

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Setembro de 2019.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Setembro de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO-** Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Setembro de 2019. O padrón correspondente ao mes de Setembro consta de 4 contribuíntes e un importe total de 109,82 € .

**SEGUNDO-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**CUARTO-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

**QUINTO-** Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

**SEXTO-**Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 19 de outubro de 2019.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, Dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria-Interventora, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo)

R. 3209

#### OUTEIRO DE REI

#### *Anuncio*

#### EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA

Con data de 23 de outubro de 2019, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación do tramo de camiño que discorre entre os lindes das parcelas catastrais 229, 460, 234, 461 e 233 do polígono 114, e 266, 269, 278 e 279 do polígono 115.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Reglamento de Bens das Entidades Locais, ábrese un prazo de información pública de un mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, durante o cal o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal e calquer persoa poderá alegar ou suxerir o que estime oportuno, tanto sobor a conveniencia e oportunidade da alteración, como na defensa dos dereitos e intereses dos que poidan ser lexítimos titulares.

E para que así conste, asina o presente O Alcalde D. José Pardo Lombao, en Outeiro de Rei a vintetres de outubro de douce mil dezanove.

R. 3210

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de Setembro de 2019, acordou a aprobación provisional de a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmóbiles

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Páramo, 8 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3056

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de Setembro de 2019, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Páramo, 8 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3055